



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS DEFENDE O APOIO AO BNG O 9 M PARA PODER AVANZAR NA CONFIGURACIÓN DUN ESTADO PLURINACIONAL

Ourense, 25 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, pediu hoxe o respaldo ao nacionalismo ante o próximo 9 de Marzo para poder "ir para diante na configuración dun estado plurinacional, para que se poida pasar páxina logo de tantos meses de mensaxes e ataques apocalípticas de que España se rompe e se poida avanzar no autogoberno".

Iago Tabarés explicou nun acto na Universidade, no que estivo acompañado por Xosé Manuel Beiras, membro da Executiva e do Consello Nacional do BNG, que o que está en xogo nas próximas eleccións é o " noso futuro non é de Rajoy/Aznar e Zapatero" e lembrou, a este respecto, que o estado español non ten un sistema presidencialista senón parlamentarista, por iso se escollen representantes, neste caso os que mellor defendan os intereses de Galiza e de Ourense, non presidente.

Tabarés apelou ao escenario no que se atopaban, a Universidade, como "espazo de liberdade para a dinamización ideolóxica e levar a bandeira do nacionalismo e do progreso por toda a provincia".

"A proposta do BNG -dixo- é a do voso futuro. Cómpre pasar folia para construír, para que, por exemplo, poidamos educarnos no noso idioma, poidamos obter o DNI en galego ou ter un xuízo tamén en galego".

Para o candidato nacionalista, o que está en xogo o próximo 9 de Marzo é poder xestionar "os nosos recursos" e seguir avanzando en dereitos sociais fronte á solución do "todos á cadea" que propón a dereita máis reaccionaria, apelando ao Código Penal para todos os conflitos: seguridade viaria, embarazos non desexados, delincuencia xuvenil, etc, "cando o que se precisa é máis formación, información e educación".

Tabarés indicou tamén que está en debate a democracia mesmo, toda vez que aínda fica sen regularse o voto emigrante, "que aquí representa un 20 por cento do censo que segue a votar en condicións totalmente indignas".

Pola súa parte, Xosé Manuel Beiras explicou que, ante a situación de "estado de excepción permanente no que nos atopamos, cunha dereita totalmente botada á monte, que sistematicamente mente e falsifica a realidade, como fixo xa no 2004 logo dos atentados de Atocha e que aí sigue" cómpre loitar en dúas dimensións: a través da implicación e participación social e apoiando, en consecuencia, ao BNG como corpo social, non só como organización política,

como o segmento máis dinámico da sociedade, a través do voto, "dun voto que ademais sexa crítico e pida contas".

Beiras criticou especialmente a actitude de belixerancia contra o galego por parte dos líderes do PP, como Núñez Feijóo, e dixo que era un auténtico "insulto á intelixencia dicir que o galego, en Galiza, está amenazado".